

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

As propostas políticas do Traballo Social

10 medidas de **intervención social**
dirixidas aos **partidos políticos**, con
motivo das **eleccións** municipais de
2023



As propostas políticas do Traballo Social

Neste documento, o Colexio Oficial de Traballo Social plasma **10 propostas dirixidas aos partidos políticos** que concorren ás **vindeiras eleccións municipais** galegas. Tras a cita electoral, comezarán a aplicar os seus **programas electorais** naqueles municipios onde gobernen. Por iso queremos aportar estas 10 medidas para **reforzar, perfeccionar e ampliar** as **propostas sociais** do vindeiro mandato.

O Traballo Social é unha profesión fortemente vinculada aos **servizos públicos**. Por iso, o seu desenvolvemento entronca **coas políticas sociais** que poñen en marcha as administracións públicas. O COTSG aproveita esta cita electoral, na que se decidirán os **novos gobernos locais e provinciais**, para trasladar estas propostas pensadas dende o Traballo Social.

Como idea transversal a estas 10 propostas, subxace a **aposta decidida pola calidade dos servizos públicos**. O noso sistema público debe ser preservado, mellorado e revisado, co obxectivo de dar á cidadanía a mellor atención posible. Os servizos **públicos** son esencia na igualdade de oportunidades, melloran a calidade de vida da cidadanía e contribúen ao progreso da nosa sociedade.

As propostas políticas do Traballo Social

1. NOVO MODELO DE SERVIZOS SOCIAIS

As entidades locais deben comprometerse a implantar o **novo modelo de servizos sociais** no ámbito das súas competencias.

Este modelo, aprobado polo **Consello Xeral do Traballo Social**, aposta polas **tarefas propias** da profesión, como o acompañamento ou a diagnose social, e **traslada** as **tarefas impropias** do Traballo Social, como as burocráticas, a outros departamentos.

2. RECURSOS DE XESTIÓN MUNICIPAL

A administración municipal **xestiona** directamente **servizos** públicos, como o servizo de axuda no fogar ou os centros de día, entre outros.

As administracións locais deben apostar por unha boa xestión dos **recursos** económicos que reciben para a súa xestión, unha mellora das **condicións laborais** e unha atención máis **próxima** e de **calidade**.

3. REDUCIR AS RATIOS DE PROFESIONAIS

As actuais ratios de habitantes por cada profesional, **8.000 persoas por cada profesional de servizos sociais**, provocan o colapso do sistema.

É urxente un compromiso da administración pública para **actualizar** as ratios a **1.700 persoas por cada profesional**, e ofrecer así unha atención de calidade.

4. VALORAR A PROFESIÓN

As administracións locais deben realizar unha **valoración xusta** e **unificada** dos postos de traballo do Traballo Social.

Débense evitar os **nesgos de xénero** que implican unha **infravaloración** constante destes postos respecto doutras profesións masculinizadas. Tamén debe **recoñecerse** a **especificidade** da profesión, así como os **riscos** vencellados.

As propostas políticas do Tráballo Social

5. ADAPTACIÓN AO ÁMBITO RURAL

As administracións locais deben **adaptar** as **políticas sociais** ao **ámbito** rural, para garantir a igualdade de oportunidades de toda a cidadanía.

6. LOITA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

Aumentar a dotación de **persoal** e recursos na atención e prevención das situacións de violencia machista, así como reforzar o persoal dos **Centros de Información á Muller**.

7. ATENCIÓN ÁS PERSOAS MIGRANTES

Os municipios galegos incrementaron notablemente a **chegada** de persoas **migrantes** en situación de gran vulnerabilidade.

A administración local é a máis **próxima** a eles, por iso deben desplegar unha atención **integral** e específica cara a este colectivo, cos recursos públicos necesarios para axilizar dita resposta.

8. INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA

As administracións locais deben apostar pola **prevención e protección da infancia e adolescencia**, a través da coordinación cos centros educativos, as asociacións e outras entidades locais.

9. PROMOVER A SAÚDE MENTAL

As entidades locais deben ofrecer solucións para a **abordaxe** da **saúde** mental, para garantir que a cidadanía reciba a axuda que precisa.

Para iso, pódense realizar **actividades** que promovan a **saúde mental** ou iniciativas para tratar e previr os trastornos mentais. Tamén deben actuar en **momentos de crise**, creando grupos multidisciplinares e coordinando efectivamente aos distintos profesionais dos servizos públicos implicados.

10. AS TAREFAS DO TRABALLO SOCIAL

É **función** do Traballo Social a emisión de **informes** sociais que conteñan un diagnóstico social e unha proposta de intervención.

Pero **non é función do Traballo Social** asumir unha sobrecarga burocrática nin a emisión de certos documentos para acceder ás prestacións sociais existentes. As administracións locais son tamén responsables de **asignar estas responsabilidades ao posto de traballo correspondente**.

Documento elaborado polo **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia** (COTSG) en maio de 2023.

Rúa Dublín 6, baixo. Santiago de Compostela (A Coruña)
981 568 100 | info@traballosocial.gal

